



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **28 de decembro de 2012**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 1585/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27-12-12 do secretario da Mesa de Contratación, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 28-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Construcciones Ramírez S.L:U, o procedemento o procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do mercado do Berbés (expediente 1585-440) por un prezo de 1.743.907,15 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE DE 302.661,57 €, un prazo de garantía de 84 meses e unha aptacó nao control de calidade do 4%.

A efectos do cumprimento do recollido no Prego de Clausulas Administrativas Particulares para a contratación da obra de referencia, no apartado 16.A) das FEC relativo as condicións especiais de execución, e tendo en conta a citado anteriormente, a empresa CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.U. deberá xustificar o cumprimento da contratación do seguinte incremento de recursos persoais, a maiores do mínimo esixido no PCTP:

TEMPO DE PERMANENCIA NA OBRA	UD	DESCRIPCIÓN CATEGORIA PROFESIONAL
690	HORAS	XEFE DE OBRA
2520	HORAS	XEFE DE PRODUCCIÓN
94	HORAS	TOPOGRAFO
176	HORAS	CAPATAZ
2520	HORAS	OFICIAL DE 2 ^a
1088	HORAS	PEÓN

Este incremento de persoal deberá ser contratado coa condición de que o traballador ou traballadora, este en situación legal de desemprego de longa duración baixo a especificación de que dita persoa estivese inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego polo menos 12 meses antes da data de contratación.

Todo iso de acordo cos proxectos, pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a catro de xaneiro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.

